

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 07/03/2023 acordou:

3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE HISTÓRICO DE VIGO E APERTURA DA FASE DE LICITACIÓN. EXPTE. 14992/407.

Antecedentes:

O 01/03/2023 a técnica de administración xeral, co conforme do xefe dos Servizos Centrais e do xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“Redáctase o presente informe-proposta de conformidade co establecido na Lei 9/2017 de contratos do sector público, xunto co Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e subscribindo, pola súa sinatura, a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (XMU) na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

ANTECEDENTES

Con data 02.11.2022 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo á vista do informe de necesidade obrante no expediente, de data 25.10.2022, acordou incoar o procedemento de contratación do servizo de redacción do Plan Especial de Protección do Ensanche Histórico de Vigo, dándolle traslado aos Servizos Centrais da XMU co fin da tramitación do dito procedemento.

Consta no expediente Memoria xustificativa da contratación do servizo de obxecto da presente, de data 22.02.2023, asinada pola xefa da Área Técnica e polo xerente da XMU, cumprindo co contido recollido no artigo 116.4 LCSP, e establecendo a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato de referencia, a idoneidade do seu obxecto e o contido para satisfacelas, coa precisión esixida pola LCSP. Dita Memoria xustificativa foi obxecto de aprobación polo órgano de contratación, Consello da Xerencia en sesión ordinaria de data 28.02.2023.

Incorpóranse, de conformidade co artigo 116 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares que van a rexer esta contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. Normativa de aplicación.

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), especialmente os artigos 116 e 117.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (RGLCAP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



outubro, de Contratos do Sector Público (RLCAP).

- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP núm 193, do 06/10/2010).

2. Natureza do contrato.

O presente contrato ten natureza de contrato de servizo, conforme ao previsto no artigo 17 da LCSP: Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministro, incluíndo aqueles nos que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

De conformidade co artigo 25.1 a) terá natureza administrativa e se rexerá, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, por dita Lei e polas súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente serán de aplicación as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

3. Contido do expediente.

No presente procedemento cúmprense os requirimentos esixidos polo artigo 116 da LCSP, incluíndo o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas redactados polos servizos competentes de conformidade co art. 67.2 e 68 do RGLCAP, e que deben ser obxecto de aprobación previamente a autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, da súa adxudicación segundo o art. 122.1 e 124 da LCSP.

De conforme co sinalado na normativa contractual, é preceptivo, previo á aprobación do expediente, a emisión de informe xurídico do Secretario (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP) e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Consta no expediente informe de comprobación da documentación asinado polo Xefe de Servizos Centrais.

4. Procedemento de adxudicación.

O procedemento proposto para a adxudicación do presente contrato, é o procedemento aberto mediante tramitación ordinaria, regulado no artigo 156 da LCSP, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores e sendo de aplicación as normas establecidas na LCSP para os procedementos suxeitos a regulación harmonizada, atendendo ao seu valor estimado.

5. Criterios de adxudicación.

De conformidade co establecido no artigo 145 da LCSP na presente contratación a adxudicación realízase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a mellor relación calidade-prezo, con respecto dos requisitos que de conformidade co apartado 5 do dito artigo deben cumprir os criterios de adxudicación, coma a súa vinculación co obxecto do contrato, ser formulados de xeito obxectivo con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade e garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva.

6. Repercusión da aprobación do gasto sobre o cumprimento dos principios de estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financeira.

De conformidade co previsto no artigos 214 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e pola disposición adicional terceira da LCSP, debe valorarse a repercusión da aprobación do gasto sobre o cumprimento dos principios de estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financeira, debendo constar no presente expediente informe de fiscalización favorable asinado polo Interventor xeral.

Achéganse no expediente o documento contable, (RC 615 a AFUT 616) que informa da existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1510.2270600

7. Órgano competente.

Segundo a normativa aplicable en materia de contratación administrativa e o establecido polo artigo 10º.2. h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo (versión consolidada publicada no BOP de 6 de outubro de 2010), corresponde a competencia como órgano de contratación na tramitación do presente expediente ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

8. Responsable do contrato.

O órgano de contratación, en cumprimento co estipulado no artigo 62.1 da LCSP, con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, deberán designar un responsable do contrato ao que corresponderá supervisar a súa correcta execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito das facultades que os mesmos lles atribúan. Consta no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares a designación como responsable do contrato da funcionaria xefa da Área Técnica da XMU

9. Prazo de presentación de ofertas.

De conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o presente procedemento, no anuncio de licitación sinalarase o prazo de presentación de proposicións, con suxeición ao sinalado para cada procedemento no Libro Segundo título I, Capítulo I e Sección segunda da LCSP.

Tendo en conta que a presente contratación adxudícase con suxeición ás normas do procedemento aberto e tramitación ordinaria, sendo de aplicación as normas establecidas na LCSP para os contratos a regulación harmonizada en atención ao seu valor estimado, son de aplicación os prazos mínimos fixados polo artigo 156 da dita norma, que establece que *“o prazo de presentación de proposicións non será inferior a trinta e cinco días, para os contratos de obras, subministracións e servizos, e a trinta días para as concesións de obras e servizos, contados dende a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea”*

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, unha vez se incorporen ao expediente o informe xurídico do Secretario e de fiscalización anteriormente indicados, propónse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a adopción do seguinte...”

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: 1 voto do concelleiro non adscrito: Sr. Pérez Igrexas.

A FAVOR: 9 votos: 1 do PP: Sra. López Román, 1 do Grupo Mixto: Sr. Pérez Correa e 7 do PSOE: Sres. Rodríguez Rodríguez, Iglesias González, Mejías Sacaluga, Caride Estévez, Aneiros Pereira, Fernández Pérez e López Font.

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Acordo:

O Consello, considerando a ponderación do cómputo de votos sinalado na sesión constitutiva de data 11 de xullo de 2019, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, reguladores do contrato do servizo de REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE HISTÓRICO DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o gasto derivado da contratación do servizo de REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE HISTÓRICO DE VIGO, por importe total de catrocentos sesenta e tres mil trescentos vinte e sete euros con vinte céntimos (463.327,20€), IVE engadido, e con cargo ó orzamentos de 2023, 2024, 2025 e 2026 (aplicación 1510.2270600), condicionado á existencia de crédito, segundo o presuposto base de licitación establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, desglosando a dita cantidade nun importe de trescentos oitenta e dous mil novecentos quince euros con catro céntimos (382.915,04€), ao que corresponde un IVE aplicable (21%) de oitenta mil catrocentos doce euros con dezaseis céntimos (80.412,16€) .

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación número 14992/407 do servizo denominado REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE HISTÓRICO DE VIGO, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, con pluralidade de criterios de adxudicación.

Cuarto.- Nomear responsable do contrato, coas facultades e funcións recollidas no artigo 62 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público e no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a presente contratación, a funcionaria xefa da Área Técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Quinto.- Proceder á apertura do procedemento de licitación do contrato relativo ó servizo de REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE HISTÓRICO DE VIGO, mediante a publicación dos anuncios esixidos pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, establecendo un prazo de presentación de proposicións de trinta e cinco (35) días naturais contados dende a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace da Sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU
María José Caride Estévez